
NA EIRA

# O CARRIÑO VOADOR






Érase unha vez un carro moi vello que estaba nunha casa moi pequena. Nesa casa vivía un neno que se chamaba Raúl xunto co seu avó e tamén tiñan un can. O carro tiña unhas rodas grandes de madeira bordeadas de ferro e a madeira estaba un pouco vella e chea de buratiños, as pombas manchábano coas súas feces. Os fungueiros parecían cornos de boi. A Raúl e ao seu can gustáballes montar no carro e transformalo en [illegible] coa súa imaxinación.

Un día soñou que o carro era máxico e o levaba as nubes e desde alí pudo ver o seu país e seu: casas, ríos, pontes... Gustoulle moito viaxar polos aires. E, cando espertou tiña a comida no seu prato.



# O CARRO VICENTE

Había unha vez un carro que se chamaba Vicente, que vivía coa súa familia nunha pequena aldea.

Un día, cando Vicente ía coa súa irmá Sandra ao monte, tropezou cunha rocha e caeulle unha roda do eixe.

Levárono ao hospital e veu un campesiño que só con ver así ao carro, arranxouno e exclamou:

- É o carro máis fermoso do mundo !

O carro, ao notar que era ese campesiño o que o axudara, díxolle:

- Como recompensa, queres que sexa o teu transporte?

E o campesiño, con bágoas nos ollos, respondeulle:

- Farías eso por min?

- Si.

E así os dous marcharon felices e este foi o comezo dunha gran amizade que durou moitos anos.

